

PLAN DE INTRODUCCIÓN E DINAMIZACIÓN DAS TIC

CEIP Plurilingüe de Abanqueiro

Índice

1. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.....	3
2. ESTUDO INICIAL.....	5
3. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PARA ACADALOS.....	6
4. PLAN DE HABILIDADES DIXITAIS A DESENVOLVER.....	9
5. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO.....	14
6. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS E DOS ESPAZOS EXISTENTES.....	15
7. AVALIACIÓN.....	17
8. DIFUSIÓN DO PROXECTO.....	18

1. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

O uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación está cada vez máis estendido na sociedade e é cada vez mais frecuente a súa presenza en calquera tipo de traballo. De aí que dende a escola debamos ir incluíndo, cada vez máis, este tipo de tecnoloxías dentro das nosas programacións e como parte importante do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tal e como aparece reflectido no DECRETO 105/2014, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia, cada centro deberá confeccionar un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación para contribuír a consecución, por parte do alumnado, da Competencia de Tratamento da información e Competencia Dixital.

“A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións.”

“Para que isto se poida poñer en practica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro...”

Para a confección deste plan, teremos en conta as directrices marcadas no Currículo da Educación Primaria e nas recomendacións do informe europeo DigComp.

O Marco Europeo de Competencias Dixitais para a Cidadanía, tamén coñecido como DigComp, preséntase como unha ferramenta deseñada para mellorar as competencias dixitais dos cidadáns. O DigComp foi desenvolvido polo Centro Común de Investigacións (JRC) como resultado do proxecto científico encargado polas Direccións Xerais de Educación e Cultura xunto coa de Emprego. A primeira publicación de DigComp foi en 2013 e dende entón converteuse nunha referencia para o desenvolvemento e planificación estratéxica de iniciativas en materia de competencia dixital, tanto a nivel europeo como dos estados membros. En xuño de 2016, o JRC publicou DigComp 2.0, actualizando a terminoloxía e o modelo conceptual, así como os exemplos de caso na súa implementación a nivel europeo, nacional e rexional.

Trátase de desenvolver as 21 competencias, repartidas en 5 áreas, que a DigComp 2.1 establece como necesarias para todo cidadán:

Área de competencia 1: Información e alfabetización dixital.

1.1 Navegar, buscar e filtrar datos, información e contidos dixitais.

- 1.2 Avaliar datos, información e contidos dixitais.
- 1.3 Xestión de datos, información e contidos dixitais.

Área de competencia 2: Comunicación e colaboración online.

- 2.1 Interactuar a través de tecnoloxías dixitais.
- 2.2 Compartir a través de tecnoloxías dixitais.
- 2.3 Participación cidadá a través das tecnoloxías dixitais.
- 2.4 Colaboración a través das tecnoloxías dixitais.
- 2.5 Comportamento na rede.
- 2.6 Xestión da identidade dixital.

Área de competencia 3: creación de contidos dixitais.

- 3.1 Desenvolvemento de contidos.
- 3.2 Integración e reelaboración de contido dixital.
- 3.3 Dereitos de autor (copyright) e licenzas de propiedade intelectual.
- 3.4 Programación.

Área de competencia 4: seguridade na rede.

- 4.1 Protección de dispositivos.
- 4.2 Protección de datos persoais e privacidade.
- 4.3 Protección da saúde e do benestar.
- 4.4. Protección medioambiental.

Área de competencia 5: resolución de problemas.

- 5.1 Resolución de problemas técnicos.
- 5.2 Identificación de necesidades e respostas tecnolóxicas.
- 5.3 Uso creativo da tecnoloxía dixital.
- 5.4 Identificar lagoas nas competencias dixitais.

2. ESTUDO INICIAL

O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro é un centro no que as TIC xa levan anos introducíndose dentro do traballo diario tanto de mestres/as como de alumnos/as. A informatización da biblioteca e da administración, a existencia dunha páxina web e o emprego xeralizado do AbalarMóbil e o correo electrónico son boa mostra disto.

O centro conta con varios equipos informáticos completos repartidos do seguinte xeito:

- Dirección: 1 equipo.
- Secretaría: 3 equipo.
- Biblioteca: 2 equipo.
- Aulas e despachos: 13 equipos (un por dependencia)
- Sala de Informática: 17 equipos.

Ademais existen varias impresoras repartidas entre secretaría e biblioteca.

Tamén conta con varios proxectores instalados, 1 en cada aula e 1 na biblioteca; así como varios encerados dixitais interactivos nos niveis máis baixos e biblioteca.

3. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PARA ACADALOS

Os obxectivos que pretendemos acadar en materia de TICs durante os próximos cursos:

- a) Promover a utilización do equipamento informático do centro entre o profesorado do mesmo, de xeito que permita aproveitar os recursos existentes, redundando nunha mellora da práctica educativa.

Actividades para acadalo:

- Asesoramento ao profesorado en relación ao funcionamento do encerado dixital interactivo (EDI).
- Orientación ao profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles na Internet.

- b) Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado do centro e a súa difusión a toda a comunidade educativa.

Actividades para acadalo:

- Asesoramento do profesorado do centro no uso de diversos programas informáticos, resolvendo as dúbidas que a súa utilización puidese carrexar.
- Orientación ao profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles na Internet.
- Administrar as ferramentas educativas e facilitar a súa utilización polo profesorado.
- Titorizar as accións do profesorado para a elaboración de material didáctico-curricular na aula virtual do centro.

- c) Velar polo correcto funcionamento de todos os equipos informáticos do centro.

Actividades para acadalo:

- Facer o mantemento do software instalado nos equipos informáticos do centro, e a súa actualización continua.
- Solucionar, na medida do posible, os problemas de hardware que se presentan no día a día, tanto nos equipos como na infraestrutura en rede do centro.
- Solicitar a reposición de equipos estragados ou obsoletos.

- d) Incrementar a presenza do CEIP Plurilingüe de Abanqueiro en internet, naqueles lugares de referencia en materia de TIC relacionadas coa educación.

Actividades para acadalo:

- Administrar e actualizar o espazo web do centro e coordinar o seu funcionamento.
- Crear un blogue educativo da biblioteca do centro xunto co equipo de dinamización da mesma.

- e) Fomentar a creación de blogues educativos por parte do profesorado.

Actividades para acadalo:

- Asesorar ao profesorado en materia de blogues.
- Organizar un Seminario Permanente relacionado con este tema.

- a) Introducir aos mestres/as e alumnado no traballo da aula virtual do centro.

Actividades para acadalo:

- Informar e asesorar aos mestres/as acerca da aula virtual.
- Poñer a andar a aula virtual.
- Dar de alta aos mestres/as e alumnos/as para o traballo na mesma.
- Coordinar a preparación de contidos suficientes para superar calquera continxencia que requira da formación a distancia.

- b) Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC. Introducendo de maneira activa as diferentes competencias dixitais e habilidade básicas nas distintas áreas para acadar unha correcta alfabetización dixital e o desenvolvemento das Habilidades Brandas (Soft Skills).

Actividades para acadalo:

- Establecer un plan de habilidades a desenvolver segundo as premisas do informe europeo DigComp.
- Coordinar as actuacións do Plan IDTIC cos outros plans do centro (Plan de Biblioteca, Plan ENDL e Proxecto de Plurilingüismo) para acadar de xeito axeitado a alfabetización dixital do alumnado.

- c) Establecer como ordinarias as comunicacións dixitais entre o centro e as familias e entre o profesorado.

Actividades para acadalo:

- Empregar o AbalarMóbil como único sistema de comunicación oficial entre familias e centro.
- Fornecer a todo o alumnado de conta de correo electrónico corporativa que poderá ser supervisada polos proxenitores e deixará de estar activa cando o alumnado abandone o centro.

4. PLAN DE HABILIDADES DIXITAIS A DESENVOLVER

O informe DigComop establece 5 áreas diferentes cun total de 21 competencias dixitais a desenvolver en todo cidadán da Unión Europea. Estas son:

**Plan de habilidades dixitais a desenvolver e incluír nas programacións
das distintas materias da Educación Primaria**

COMPETENCIAS DigComp 2.1	ACTIVIDADES POR CURSO. PRIMARIA.					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Área de competencia 1: Información e alfabetización dixital.						
1.1 Navegar, buscar e filtrar datos, información e contidos dixitais.	Busca básica en internet empregando navegadores como localizar a páxina web do centro ou a aula virtual.	Busca básica en internet empregando navegadores: localizar páxinas web concretas, empregar dictionarios online...	Busca en internet para localizar informacións concretas en distintas fontes.	Busca en internet para localizar informacións concretas en distintas fontes.	Busca en internet para localizar informacións concretas en distintas fontes.	Busca avanzada por internet para localizar informacións/vídeos/i imaxes concretas en distintas fontes.
1.2 Avaliar datos, información e contidos dixitais.			Realización dun pequeno traballo de investigación guiado.	Realización dun pequeno traballo de investigación escrito/oral (por medios dixitais) de xeito combinado, autónomo e guiado.	Realización de 1 pequeno traballo de investigación escrito/oral realizado (por medios dixitais) de maneira trimestral de xeito autónomo.	Realización de 1 traballo de investigación escrito/oral realizado (por medios dixitais) de maneira trimestral de xeito autónomo.
1.3 Xestión de datos, información e contidos dixitais.						
Área de competencia 2: Comunicación e colaboración online.						
2.1 Interactuar a través de tecnoloxías dixitais.	Coñecer diferentes medios de comunicación: correo electrónico ou sistemas de mensaxería. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.	Coñecer o proceso de envío de correos electrónicos e realizar envíos ocasionais. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.	Envío de varios correos electrónicos con diferentes propósitos ao longo do curso. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.	Envío asiduo de correos electrónicos ao mestre coa resolución de determinadas tarefas. Por exemplo: algún exercicio de repaso ao final de cada unidade. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.	Envío asiduo de correos electrónicos ao mestre coa resolución de determinadas tarefas. Por exemplo: algún exercicio de repaso ao final de cada unidade ou a entrega de traballos de investigación. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.	Envío asiduo de correos electrónicos ao mestre coa resolución de determinadas tarefas. Por exemplo: algún exercicio de repaso ao final de cada unidade ou a entrega de traballos de investigación. Realización de diferentes actividades online, preferiblemente na Aula Virtual do centro.
2.2 Compartir a través de tecnoloxías dixitais.				Envío de correos electrónicos con documentos axuntos.	Envío de correos electrónicos con documentos axuntos.	Envío de correos electrónicos con documentos axuntos.
2.3 Participación cidadá a través das tecnoloxías dixitais.					Coñecer as diferentes plataformas de participación cidadá:	Coñecer as diferentes plataformas de participación cidadá:

					Change.org, Propostas políticas na UE (https://europa.eu/european-union/about-eu/eu-citizenship_es)...	Change.org, Propostas políticas na UE (https://europa.eu/european-union/about-eu/eu-citizenship_es)..
2.4 Colaboración a través das tecnoloxías dixitais.					Realización dalgún traballo en colaboración a través de medios dixitais.	Realización dalgún traballo en colaboración a través de medios dixitais.
2.5 Comportamento na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.	Coñecer os perigos de proporcionar información persoal na rede.
2.6 Xestión da identidade dixital.			Coñecer as idades mínimas para empregar determinadas aplicacións.	Coñecer as idades mínimas para empregar determinadas aplicacións.	Coñecer as idades mínimas para empregar determinadas aplicacións.	Coñecer as idades mínimas para empregar determinadas aplicacións.
Área de competencia 3: creación de contidos dixitais.						
3.1 Desenvolvemento de contidos.	Nocións básicas de mecanografía. Coñecer o funcionamento e ferramentas máis básicas dun editor de textos: Maiúsculas, puntuación, números e saltos de liña. Realizar pequenas publicacións en blogs.	Nocións básicas de mecanografía. Coñecer o funcionamento e ferramentas máis básicas dun editor de textos: Maiúsculas, puntuación, números e saltos de liña. Realizar pequenas publicacións en blogs.	Prácticas de mecanografía básica. Realización de artigos na revista escolar do centro (en formato web) Utilización simple do procesador de textos: Maiúsculas, puntuación, negriñas e subliñados, números, saltos de liña, táboas e inserción de imaxes.	Prácticas de mecanografía básica. Realización de artigos na revista escolar do centro (en formato web) Utilización simple do procesador de textos: Maiúsculas, puntuación, negriñas e subliñados, números, saltos de liña, táboas e inserción de imaxes.	Realización de artigos na revista escolar do centro (en formato web) Utilización do procesador de texto: formato, estilo e creación de índices. Manexo de aplicacións para a creación de presentacións visuais para a realización de exposicións orais.	Realización de artigos na revista escolar do centro (en formato web) Utilización do procesador de texto: formato, estilo e creación de índices. Manexo de aplicacións para a creación de presentacións visuais para a realización de exposicións orais.
3.2 Integración e reelaboración de contido dixital.			Realización de traballos de investigación empregando diferentes fontes.	Realización de traballos de investigación empregando diferentes fontes.	Realización de traballos de investigación empregando diferentes fontes.	Realización de traballos de investigación empregando diferentes fontes.

3.3 Dereitos de autor (copyright) e licenzas de propiedade intelectual.	Coñecer o concepto de dereitos de autor.	Coñecer o concepto de dereitos de autor.	Coñecer algúns dos diferentes tipos de xestión de dereitos de autor.	Coñecer algúns dos diferentes tipos de xestión de dereitos de autor.	Coñecer os diferentes tipos de xestión de dereitos de autor e a importancia do seu respecto.	Coñecer os diferentes tipos de xestión de dereitos de autor e a importancia do seu respecto.
3.4 Programación.					Xogos de introdución á programación.	Xogos de introdución á programación.
Área de competencia 4: seguridade na rede.						
4.1 Protección de dispositivos.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.	Coñecer e empregar contrasinais e a súa función para a privacidade.
4.2 Protección de datos persoais e privacidade.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais e ser conscientes dos datos que se comparten.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais e ser conscientes dos datos que se comparten.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais e ser conscientes dos datos que se comparten.	Coñecer a importancia de non revelar datos persoais e ser conscientes dos datos que se comparten.
4.3 Protección da saúde e do benestar.	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...	Coñecer os efectos nocivos do uso excesivo da tecnoloxía: desordes do sono, falta de atención, problemas físicos...
4.4. Protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.	Coñecer os pros e contras da tecnoloxía no que se refire á protección medioambiental.
Área de competencia 5: resolución de problemas.						
5.1 Resolución de problemas técnicos.		Coñecer o proceso común de resolución de problemas técnicos: comprobar encendido, enerxía e o reinicio.	Coñecer o proceso común de resolución de problemas técnicos: comprobar encendido, enerxía e o reinicio.	Coñecer o proceso común de resolución de problemas técnicos: comprobar encendido, enerxía e o reinicio.	Coñecer o proceso común de resolución de problemas técnicos: comprobar encendido, enerxía e o reinicio.	Coñecer o proceso común de resolución de problemas técnicos: comprobar encendido, enerxía e o reinicio.
5.2 Identificación de necesidades e respostas tecnolóxicas.						
5.3 Uso creativo da tecnoloxía dixital.		Realización de capturas fotográficas e vídeo para a realización de traballos e exposicións.	Realización de capturas fotográficas e vídeo para a realización de traballos e exposicións.	Realización de capturas fotográficas e vídeo para a realización de traballos e exposicións.	Realización de capturas fotográficas e vídeo para a realización de traballos e exposicións.	Realización de capturas fotográficas e vídeo para a realización de traballos e exposicións.

5.4 Identificar lagoas nas competencias dixitais.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo. A autoformación.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo. A autoformación.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo. A autoformación.	Ser consciente do que “non sei” para poder buscar un xeito de aprendelo. A autoformación.
---	--	--	--	--	--	--

5. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Para coordinar ao profesorado en materia de TICs, no CEIP Plurilingüe de Abanqueiro tomaranse as seguintes medidas:

- A información importante sobre este tema colgarase no taboleiro de anuncios na sala de mestres/as.
- Calquera membro do claustro que precise asesoramento en temas de TICs, poderase poñer en contacto co coordinador do equipo de dinamización das TIC quen tratará de resolver o problema no menor tempo posible.
- O Equipo TIC, reunirse formalmente e de ser necesario unha vez por trimestre para facer valoración do traballo realizado e programar as actividades a desenvolver.

6. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS E DOS ESPAZOS EXISTENTES

O Plan de integración das TIC é un plan global do centro, xa que, organizativamente, afecta tanto ao profesorado como ao alumnado e á distribución de espazos e á adecuación dos horarios. O plan require un coordinador cun tempo suficiente de dedicación semanal para realizar as súas tarefas con eficiencia, duns profesores que se impliquen cada vez máis e vaian adquirindo autonomía plena de forma progresiva e dunha organización dos recursos que os fagan plenamente operativos.

1. Utilización da aula de informática e material TIC do centro:
 1. O equipo TIC informará puntualmente dos programas didácticos instalados nos equipos da aula de informática e adecuados a cada un dos niveis, e relacionados directamente coas áreas do currículo.
 2. O equipo TIC tamén se encargará de informar á comunidade educativa das ferramentas básicas das que dispón o centro para facilitar determinadas tarefas aplicables ao aula: páxinas Web de interese, cámara fotográfica dixital, canón de luz, funcionamento da rede interna do centro,...
 3. Os compoñentes do equipo TIC, facilitarán as pautas e os medios para establecer un horario de uso do aula de informática. Preténdese que todos os mestres/as poidan acceder con todos os alumnos/as ao aula de informática, para o que se propón que durante un tempo no primeiro trimestre, os mestres se familiaricen cos programas educativos que lle poidan ser útiles.
2. Coordinador:
 1. O coordinador TIC do CEIP Plurilingüe de Abanqueiro para os cursos 2019/2021 será Francisco José Alonso Paz (especialista de Ed. Musical).
 2. Será o encargado de propoñer actividades relacionadas coas TIC que contribúan á consecución dos obxectivos marcados no presente proxecto.
 3. Encargarase tamén da coordinación das tarefas a facer en materia de TICs durante o presente curso.
 4. Organizará os recursos humanos e materiais dispoñibles no centro en cada un dos proxectos que se leven a cabo.
3. Profesorado:
 1. O profesorado do centro poderá acceder á aula de informática nos horarios establecidos co grupo de alumnos que estime oportuno.
 2. Tamén poderá utilizar os equipos informáticos da súa aula en calquera momento.

3. Poderá propoñer actividades, cursos, seminarios e proxectos ao equipo TIC, quen analizará a súa viabilidade para poder levalos a cabo.
 4. Poderá elaborar o material didáctico dixital necesario para a formación telemática do alumnado.
4. Alumnado:
1. Todos os alumnos/as do centro teñen acceso ás TIC durante o horario do centro: nos equipos das súas aulas ou nos equipos da aula de informática, previa autorización dun mestre.
 2. No horario das actividades extraescolares (de luns, mércores, xoves e venres de 16:00 - 18:00) a ANPA poderá organizar as actividades informáticas para alumnado ou proxenitores que consideren necesarias, previa autorización do centro.
5. A Biblioteca:
1. O material multimedia educativo estará gardado na biblioteca para uso e consulta de toda a comunidade educativa en forma de empréstamo, igual que os libros.
 2. Coordinaranse as actuacións do Plan IDTIC e do Plan de Biblioteca co fin de acadar unha correcta alfabetización dixital do alumnado.

7. AVALIACIÓN

Ademais das avaliacións trimestrais que se farán ao longo do curso (avaliación continua), tamén se fará ao final do mesmo, unha avaliación que determine o grado de consecución dos obxectivos plasmados neste proxecto, así como un diagnóstico para detectar as necesidades formativas do profesorado.

Con estes datos elaboraranse unhas propostas de mellora que quedarán reflectidas na memoria TIC do final de curso. Ademais confeccionaranse un plan de formación interno para o profesorado, encamiñado a paliar as necesidades detectadas na avaliación final.

8. DIFUSIÓN DO PROXECTO

A medida que se vaia avanzando no deseño da web, dos blogues educativos e de biblioteca, e na aula virtual, procederase a ir informando aos alumnos/as e ás familias para que, dende os seus fogares ou dende o mesmo centro no horario habilitado para iso, poidan participar activamente destes proxectos.

A aula virtual precisa dunha contrasinal para acceder. Esta daráselle a cada alumno/a quen poderá cambiala e personalizala.

En canto aos blogues, todos sabemos que se alimentan dos feedbacks (a modo de comentario) da xente que os visita, de aí que animaremos ás familias para que participen nos mesmos.

Con respecto á web do centro, todos os avisos que se notifiquen por escrito ás familias: actividades extraescolares, actividades complementarias, avisos de cambios de horarios,....., serán publicados simultaneamente na propia web, de aí que sempre poderán acceder á mesma para estar informados sobre todo o referente ao centro.